


Sumario | n°14 – Febreiro 2022


EDIUS

Código de Boas Prácticas



OPINIÓN

En que momento da túa formación académica decidiches facer unha tese de doutoramento? *Por que?*



E no doutoramento, só a tese?

EDIUS **NOVAS**

A USC creará en 2022 máis de medio cento de prazas de profesorado axudante doutor

EDIUS **NOVAS**

Convocadas as axudas de apoio á etapa predoutoral

EDIUS **NOVAS**

Axudas para completar a etapa de formación posdoutoral

catro cousas

EDIUS **NOVAS**

Nova resolución reitoral sobre a equivalencia do título de doutor/a

EDIUS **NOVAS**

Teambuilding: aprendendo a traballar en equipo

Divulgación científica para achegar a investigación académica a sociedade

EDIUS **NOVAS**

ANECA estenderá a experiencia do curso para personas investigadoras noveles impartido en Lugo a outras universidades de España

ENTREVISTA



Mercedes Siles Molina, *directora de ANECA*

«Queremos que a colaboración coa USC sexa o proxecto piloto para explicar ao estudiantado que pode facer ANECA por el»

EDIUS

Código de Boas *Prácticas*

Un Código de Boas Prácticas para
favorecer unha actividade científica
rigorosa, ética e responsable que afecta
a todos os membros da EDIUS.

CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS

Todas as persoas integrantes das Escolas de Doutoramento están suxeitas a un Código de Boas Prácticas (CBP), un compendio de pautas, principios e recomendacións para garantir que o desenvolvemento da carreira investigadora se leve a cabo de xeito eficiente e harmónico, isto é, permitindo a cada unha das partes implicadas sacar o máximo proveito da experiencia do doutoramento. O CBP da EDIUS inclúe unha serie de regras, suxestións e compromisos para guiar aos membros da Escola nas súas distintas actividades, favorecer a calidade da formación integral das doutorandas e doutorandos, así como para desenvolver unha actividade científica rigorosa, ética e responsable.

A aprobación deste código foi proposto na Comisión de Calidade do 21 de febreiro de 2020 e aprobado polo Comité de Dirección o día 16 de xullo dese mesmo ano. O Código de Boas Prácticas da EDIUS inclúe as directrices aplicables á dirección de teses de doutoramento, sempre en consonancia co disposto no **Regulamento** de estudos de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela.

Este Código de Boas Prácticas foi elaborado tomando como referencia, entre outras fontes, a **Carta Europea do Investigador**, así como documentos de referencia elaborados por diversos organismos internacionais incluíndo, entre outros, ***a Good Practice Elements in Doctoral Training*** da *League of European Research Universities* (LERU), as ***Recommendations and good practice for universities and doctoral supervisors*** da *UniWiND/GUAT*, así como os CBP doutras universidades españolas, entre elas as Universidades de Alcalá, Cantabria, Córdoba, Málaga, Autónoma de Barcelona, Rovira i Virgili e a Universidade Complutense de Madrid.

O texto afecta a todos os membros da EDIUS, doutorandas e doutorandos matriculados na USC, persoal docente e investigador que integra os programas de doutoramento, persoal de administración e servizos adscrito á Escola de Doutoramento e membros dos distintos órganos de dirección en que se organiza e estrutura a EDIUS.

Eugenio Vázquez Sentís, subdirector de Ciencias e Enxeñaría da EDIUS, foi unha das persoas que formou parte do equipo de redacción deste código. Ao ser preguntado sobre a importancia da elaboración deste documento, asegurou que a súa maior motivación “era dar unha ferramenta aos estudantes para que estiveran máis protexidos”. Vázquez Sentís explica que o CBP pretende ser un soporte máis que sirva para defender á comunidade investigadora ante posibles comportamentos abusivos ou incorrectos de directores/as, “nada habituais nesta Escola”. “Moitas veces, os doutorandos e doutorandas nin sequera saben que cousas poden facer e descoñecen que teñen o apoio da EDIUS”, afirma o subdirector.

O equipo de redacción do Código de Boas Prácticas quixo deixar plasmado no documento unhas normas de civismo “que é importante que se cumpran”. “A

CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS

xente debe saber que hai uns códigos de conduta e que é fundamental que todos os respectemos”, di Eugenio Vázquez. Na actualidade, a EDIUS está formada por “centos de persoas interaccionando nun contexto onde hai relacións de poder e o elemento máis débil da cadea ten que ter apoio”, puntualiza.

O subdirector de Ciencias e Enxeñarías explica que, cando se aprobou o CBP non había moita información sobre, por exemplo, o plaxio ou o que debía ser unha conduta científica correcta á hora de levar a cabo unha investigación, polo que “era imprescindible que a xente soubese o que se agarda deles”, asegura.

Desde a aprobación do Código de Boas Prácticas “os problemas que se poden ir dando case sempre se resolven dentro dos grupos e dos programas, coa colaboración do equipo de dirección da EDIUS”, apunta Eugenio Vázquez. Esta situación demostra, segundo explica, que “en certa maneira, estase aplicando este código”.

*

RESPONSABILIDADES

Imos ver cales son as responsabilidades que sinala este documento para cada un dos grupos da Escola Internacional de Doutoramento da USC.

*

ALUMNADO

En primeiro lugar, analiza a situación dos doutorandos/as. Sobre este colectivo, o CBP reconece que se trata do “actor máis importante nos estudos de doutoramento, e espérase que se faga cargo do deseño, organización e execución do traballo, realizando unha labor de investigación orixinal e de calidade baixo a supervisión dunha directora ou director. Para acadar estes obxectivos, o estudante debe cumprir cunha serie de responsabilidades que atoparedes detalladas no documento ao premer aquí.

*

DIRECTORAS/ES E TITORAS/ES

O Código de Boas Prácticas da EDIUS tamén analiza as responsabilidades dos supervisores (titor/a e director/a). Aclara o documento que a obtención dun doutoramento implica que o/a candidato/a realice unha investigación independente e autónoma, baixo a supervisión de investigadores/as experimentados/as actuando na titorización e/ou dirección. A supervisión implica unha asociación baseada na integridade científica e no respecto mutuo. O texto aclara cales son as tarefas e deberes que teñen que realizar os supervisores, entre as que destacamos “establecer unha relación positiva e construtiva cos seus doutorandos/as, a fin de establecer as condicións para unha transferencia eficiente de coñecementos, e que o seu traballo constituía un exemplo a seguir”.

Despois de analizar as responsabilidades dos estudantes de doutoramento e dos supervisores/as, o Código entra na análise dos cometidos dos titores/ras. Neste apartado, especificase que deben, por exemplo, asesorar e informar sobre o funcionamento do programa e sobre a idoneidade e adecuación das actividades formativas e da actividade investigadora.

Entre as responsabilidades dos directores e directoras das teses de doutoramento, o CBP resalta que deben proporcionar apoio científico e profesional, “sendo os responsables da planificación, coherencia e orixinalidade da investigación a desenvolver”. Engade o documento que os/as directores/as “deben construír unha relación de traballo construtiva e positiva coas súas doutorandas e doutorandos”.

*

CAPD E EDIUS

O Código de Boas Prácticas da EDIUS tamén fai referencia ás responsabilidades da Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) así como da propia Escola de Doutoramento da USC. Con respecto á CAPD, lembra que é o órgano responsable que diseña e organiza o conxunto de actividades que conforman o programa e a coordinación dos seus investigadores/as. Sobre as responsabilidades da EDIUS, apunta que debe coñecer as demandas dos programas, investigadores, e doutorandas/os para levar a cabo as súas funcións de planificación da xestión académica e administrativa de forma consensuada e eficiente. Para iso, promoveranse foros de participación, xa que só coñecendo os puntos de vista de todos os colectivos pódese ter unha visión global que permita propiciar cambios e melloras adaptados ás necesidades reais.



Mª del Carmen
Sánchez Carreira

Ciencias Sociais
e Xurídicas

*«Máis aló do
valor da tese,
acadar o grao de
doutor reconece
competencias
valoradas no eido
profesional como
a capacidade
de afrontar
e solucionar
problemas ou de
adaptarse aos
cambios.»*

[↩ Ir ao sumario](#)

OPINIÓN

E no doutoramento, só a tese?

O doutoramento consiste en elaborar unha investigación orixinal que achegue novo coñecemento ao seu campo específico. O desenvolvemento dese traballo denominado tese supón diversos retos dada a súa dimensión, tanto en extensión como relevancia ou tempo requirido. Entre eses retos, destacan definir os obxectivos e preguntas de investigación, así como elixir as metodoloxías. O longo proceso de elaboración da tese conleva incertezas.

A organización temporal é un aspecto clave nun traballo longo que supera o período dun curso académico. Cómpre non confiarse en que o período previsto para elaborar a tese é de tres anos a tempo completo e de cinco a tempo parcial e as posibles prórrogas. As tarefas que implica a tese requiren moito tempo, e ese control non sempre depende dun, como ocorre co traballo de campo ou obtención de datos. A revisión final tamén require o seu tempo. Ademais, unha vez finalizada a tese os prazos administrativos tanto nas Comisións Académicas dos programas de doutoramento como na EDIUS supoñen aproximadamente dous meses. Na etapa inicial é complexo ver os avances no traballo, polo que marcar metas intermedias axuda. Outro reto é poñerlle fin á tese, porque xorden novas preguntas.

O proceso de elaboración da tese vai acompañado dunha aprendizaxe continua. A tese constitúe o centro dos estudos de doutoramento, mais é aconsellable aproveitar ese tempo para ampliar a formación académica, impartir docencia, realizar estadias, presentar traballos en congresos ou publicar resultados da investigación, especialmente para seguir a carreira académica. Aproveitade o luxo de dispoñer da maior parte do tempo para investigar. Máis aló do valor da tese, acadar o grao de doutor reconece competencias valoradas no eido profesional como a capacidade de afrontar e solucionar problemas ou de adaptarse aos cambios.

En que momento da túa formación académica decidiches facer unha tese de doutoramento?

Por que?

Non é unha decisión sinxela e son moitos os condicionantes que inflúen. Cando unha persoa toma a firme determinación de facer unha tese de doutoramento faino coñecedora de todos os sacrificios e obrigas que iso supón. E non todos/as os/as estudantes deciden comezar a formación de doutor/a na mesma etapa das súas vidas, nin polas mesmas motivacións, nin cos mesmos obxectivos.

Falamos con algunhas das persoas que conseguiron o seu soño de ser doutores/as recentemente. Foron todos compañeiros da EDIUS e non dubidaron en contarnos as súas experiencias.

En que momento da túa formación académica decidiches facer unha tese de doutoramento? *Por que?*



EIRE GARCÍA CID | PD en Comunicación e Información Contemporánea - Área de Ciencias Sociais e Xurídicas

Decidín comezar no programa de doutoramento en Comunicación e Información Contemporánea ao remate do mestrado en Xénero, Educación e Igualdade no ano 2015, como unha continuación dos meus estudos arredor da Teoría Fílmica Feminista.

Motivoume a idea de desenvolver unha liña de investigación escasamente explorada no contexto galego e contribuír a descubrir o impacto do heteropatriarcado nas cinematografías. Esta premisa de “contribución” tivo un peso relevante durante todo o proceso e implica pensar o que facer investigador como unha devolución á sociedade de certo coñecemento.

Finalmente, baixo a dirección de Margarita Ledo, a miña tese “Zona Salvaxe” resultou nunha abordaxe das representacións das mulleres violentadas e das mulleres violentas no cinema e, particularmente, no cinema das mulleres. Unha análise que seguiu a intuición de que estamos nun momento que require da urxente e complexa tarefa de extraelas -de extraernos- da posición de vítimas; urxente e complexa porque as violencias que reserva o heteropatriarcado continúan. En certo sentido e botando a vista atrás, o doutorado foi unha acción militante.

IAGO RODRÍGUEZ PALMEIRO | PD en Historia, Xeografía e Historia da Arte - Área de Artes e Humanidades

Aínda que son licenciado en Humanidades, sempre tiven inquedanzas pola historia. Por iso, ao remate da miña formación, decidín obter do Certificado-Diploma de Estudos Avanzados no programa Economía e Sociedade na Historia: Épocas Medieval e Moderna, para o que tiven que facer un ano de cursos de especialización e outro de traballo de investigación tutelado. Foi durante ese período, e grazas á orientación de Antonio Presedo e Pegerto Saavedra e a excelente acollida no Departamento de Historia Medieval e Moderna, no que cultivei o meu interese pola investigación e decidín comezar unha tese doutoral, que estructurei sobre a base do devandito traballo e dunha posterior memoria de licenciatura”.



En que momento da túa formación académica decidiches facer unha tese de doutoramento? *Por que?*

CRISTINA ARAGÃO SEIA | PD en Dereito - Área de Ciencias Sociais e Xurídicas

Despois da licenciatura en Dereito, fixen o mestrado. Comecei tamén a traballar como avogada e inscribíme no doutoramento na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela. A partir de 2010, decidín dedicarme, en exclusividade, á docencia universitaria. Como docente do ensino superior, actualmente, é impensábel non ter doutoramento. A demanda dunha determinada proporción de doutores por número de estudantes realízase ás universidades, que, á súa vez, presionan aos profesores para que invistan na vida académica. Iso foi o que me pasou. Se non rematase o doutoramento, a miña continuidade na institución na que dou clase acabaría estando en perigo.

En 2016, fixen unha nova parte escolar e inmediatamente comecei a investigar e escribir a tese. Entre 2017 e 2019 escribina, e en 2020 reviseina e completeina, segundo as orientacións do meu supervisor, o profesor Alba Nogueira, cuxa determinación e ánimo foron determinantes. E isto, sempre traballando e ensinando, á vez, con horario completo. Non foi doado, pero a obriga de confinamento imposta pola Covid 19 acabou creando as condicións idóneas de recollemento para a realización deste percorrido.



MARCOS ARZA GARCÍA | PD en Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil - Área de Ciencias e Enxeñaría

A verdade é que xa nos últimos cursos da carreira comecei a experimentar certo interese pola investigación. O meu TFG tivo xa unha clara orientación investigadora e mesmo colaborei na elaboración dalgunha publicación científica antes de graduarme. Non obstante, xusto despois de finalizar os meus estudos estiven traballando nunha empresa de enxeñaría.

Despois duns anos no sector privado recibín unha chamada dos meus directores de tese animándome a volver á universidade. A idea de facer a tese pareceume interesante de cara ao meu desenvolvemento persoal e ademais a temática dos “drons” pareceume atractiva. Considero que nunca é tarde para comezar a tese se sentes curiosidade por investigar, e estar un tempo en contacto co mundo laboral pode axudarche a definir mellor os teus intereses. Do mesmo xeito, creo que a experiencia profesional dota a túa investigación dunha orientación máis pragmática e útil para a sociedade, polo que sempre é algo enriquecedor. Aínda así, se tes clara a túa vocación investigadora non recomendo dilatar moito a decisión posto que moitas das bolsas predoutorais incorporan limitacións en relación á data de finalización da carreira.

En que momento da túa formación académica decidiches facer unha tese de doutoramento? *Por que?*



SONIA CASAL VALENCIA | PD en Historia, Xeografía e Historia da Arte - Área de Artes e Humanidades

A idea de facer unha tese de doutoramento non era algo que tivese na mente nos primeiros anos da carreira. Sen embargo, durante a realización do Tránsito de Fin de Grao, puiden coñecer máis de cerca o que implica todo un proceso de investigación e vin que desfrutaba moito diso. De feito, un ano máis tarde, co Tránsito de Fin de Mestrado, comecei a tratar máis en profundidade as fontes primarias e foi aí cando decidín que quería facer unha tese de doutoramento que implicase un traballo constante con arquivos e documentos.

Esta decisión implicaba tamén a elección dun tema para a tese que, como moitas cousas que suceden na vida, veume de xeito totalmente fortuíto pois coñecín a Cristóbal García Salmerón, pintor obxecto da miña investigación, nunha viaxe casual realizada a Valladolid. Tras consultar a viabilidade do proxecto co meu director da tese, comecei a que a día de hoxe podoo dicir que foi a mellor etapa académica da miña vida, pois as dúcias de documentos inéditos descubertos supliron con creces os momentos de frustración que poden xurdir despois de moitas horas sen resultados nos arquivos.

ALEJANDRO VILAR LÓPEZ | PD en Física Nuclear e de Partículas - Área de Ciencias

Desde que rematei o grao sempre foi unha posibilidade que tiven na mente. A miña especialidade, a física teórica de altas enerxías, é eminentemente académica, así que a tese de doutoramento é parte do proceso formativo natural, e sábelo desde que entras en contacto co campo.

A pesares diso, tomei un ano logo de rematar a mestría para ver as posibilidades que ofrecía a empresa. Tiven as miñas dúbidas momentáneas ao respecto de seguir vencellado ao mundo académico, pero co tempo funme convencendo de que era o que me permitía facer o que realmente me gustaba: hai investigacións, sobre todo as máis especulativas, fundamentais e con menor aplicación inmediata, que non poden realizarse noutro lugar. Así que volví a USC para desenvolver a miña tese cunha axuda FPU.

Diría polo tanto que foron un cúmulo de factores os que me impulsaron a realizar a miña tese. O interese polo meu campo de investigación, claro, pero tamén a breve experiencia laboral externa: alí decateime de que no sector privado non se ofrecían oportunidades atractivas para os meus intereses. E, sendo honesto, a posibilidade de retornar (temporalmente) a Santiago e participar na vida universitaria xogou tamén un papel.



En que momento da túa formación académica decidiches facer unha tese de doutoramento? *Por que?*

MARÍA ESTRELLA LÓPEZ-PARDO PARDO | PD en Epidemioloxía e Saúde Pública - Área de Ciencias da Saúde

Tras obter a suficiencia investigadora, as circunstancias persoais e profesionais leváronme a aprazar durante anos a elaboración da tese de doutoramento. Coa súa elaboración pendente, a miña vida profesional foi transcorrendo, dándome a oportunidade de participar en diferentes proxectos de investigación e tamén en actividades docentes habitualmente relacionadas co ámbito da avaliación da calidade asistencial e os sistemas de información sanitarios.

Cando anos máis tarde decidín retomar a tese, penso que esta experiencia profesional me permitiu darlle un enfoque máis pragmático e aplicable á vida real. Posiblemente, exercer a docencia tamén me facilitou certas competencias e habilidades que me axudaron a que desfrutase un pouco máis coa súa realización. Sempre dentro do que cabe, claro, porque a disciplina e a dedicación son necesarias e o peso da responsabilidade é inevitable.

En canto á motivación, quero sinalar que foi decisivo o apoio continuo dos directores de tese. E, sobre todo, a confianza que depositou en min o profesor Alberto Ruano Raviña, a quen sempre estarei agradecida. No ámbito máis persoal, moveume a promesa que fixen ás miñas tres fillas de que faría todo o posible para finalizar un proxecto que tanto ansiaba.

O momento e os motivos para realizar unha tese poden obedecer a circunstancias profesionais e persoais moi diferentes. Na miña opinión, cada unha pode aportar un valor diferencial ao proceso de reflexión intelectual e representar un beneficio particular á sociedade. Nun plano mais persoal, a tese supuxo para min un reto que, dalgunha forma, resume o meu percorrido profesional e vital e responde ao meu interese pola investigación e a miña vocación docente. Por iso, gustaríame transmitir a outros doutorandos e doutorandas que se atopen nunha situación similar que merece a pena o esforzo.



CUSTODIO OLIVEIRA | PD en Márketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas - Área de Ciencias Sociais e Xurídicas

No 2006 – 2008 fixen un mestrado universitario (USC) en márketing político porque, como profesional de comunicación política durante 30 anos, sentín a necesidade de afondar coñecementos que aplicaba na práctica cotiá.

Despois de rematar o mestrado xurdiu o reto do doutoramento. Facer unha tese era teorizar sobre asuntos do meu traballo profesional. O doutoramento foi unha das cousas máis interesantes da miña vida.

En que momento da túa formación académica decidiches facer unha tese de doutoramento? *Por que?*




MARTÍN FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ | PD en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura - Área de Artes e Humanidades

Tomei a decisión de facer unha tese pouco despois de rematar o mestrado, contra o final do verán. Ata xusto antes de defender o meu TFM non o tiña nada claro. De feito, era unha idea moi remota, xa que a miña intención era desconectar do mundo universitario por un tempo. Foi despois da defensa do TFM, grazas aos comentarios das profesoras do xurado, cando considerei seriamente a idea de facer unha tese. Despois de descansar e madurar o tema, tiven unha charla co que se convertería no meu director na que me animei definitivamente a intentalo. Decateime que, no meu caso concreto, era o momento idóneo para probar sorte e descubrir se era realmente por onde quería levar a miña vida, polo menos no futuro próximo.

Comecei coa idea de ir vendo como me adaptaba a esa nova etapa, para despois valorar se continuaba cando se resolvesen os contratos predoutorais aos que optaba. Levaba case un ano coa tese cando tiven novas, e xa me atopaba nun momento no que, animado por familia e amizades, quería seguir adiante tivese ou non financiamento. Debo dicir que fun moi afortunado e conseguín un contrato, o que me aportou unha grande estabilidade á hora de proseguir coa investigación.

MICHAEL GONZÁLEZ DURRUTHY | PD en Ciencia de Materiais - Área de Ciencias

Teño un interese natural e forte motivación por todo o concernente ás ciencias exactas e naturais, que foi crecendo no transcurso dos meus estudos de mestrado (Toxicoloxía Experimental), onde sempre estiven vinculado a temáticas de natureza multidisciplinaria como a investigación de novos materiais con potenciais aplicacións biomédicas. Podo dicir que, cara ao final dos meus estudos de mestrado, moitas interrogantes e a lectura continua de temas afíns, alimentaron a miña paixón por estas temáticas multidisciplinares levándome a buscar respostas cada vez máis fundamentais desde o punto de vista da súa complexidade e ligado a intereses de superación. Considero que este momento foi o punto decisivo onde sentín que debía avanzar cara aos estudos de doutoramento (Ciencia de Materiais) como a posibilidade real de continuar aprendendo e manterme motivado coa actividade coa que, até o presente me sinto totalmente identificado e a gusto desde o punto de vista profesional e persoal.



En que momento da túa formación académica decidiches facer unha tese de doutoramento? *Por que?*

ADRIANA CONDE FERNÁNDEZ | PD en Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil – Área de Enxeñaría e Arquitectura

Despois de rematar o mestrado de Montes no ano 2018, tiven a oportunidade de continuar a miña formación e de matricularme nun programa de doutoramento, ao abeiro dun proxecto internacional relacionado coa aptitude de madeiras de frondosas de procedencia galega para o seu emprego na industria toneleira.

Ao longo da vida deste proxecto, no que levaba colaborando como investigadora dende o ano 2016, xurdiron novas liñas de estudo ás cales se sumaron outros membros do meu grupo de investigación, o que propiciou un ambiente de traballo moi cómodo e distendido, ademais de sentirme animada polos meus compañeiros, nos que sabía que podía apoiarme durante a miña etapa predoutoral.

O feito anterior e tamén a oportunidade de poder traballar xunto a unha empresa do calibre de *Irish Distillers*, que é unha multinacional irlandesa relacionada coa produción de destilados, e unir mediante este proxecto a aplicabilidade da investigación forestal na industria, foron as motivacións principais que finalmente me fixeron tomar a decisión de embarcarme no PhD. Aínda que houbo momentos complicados e dificultades, agora, despois de esta etapa de tese e véndoo con un pouco de perspectiva, sei que tomei a decisión axeitada.



PEDRO DUARTE BARBOSA | PD en Educación - Área de Ciencias Sociais e Xurídicas

Comecei o meu interese pola investigación na miña formación inicial como docente, cando desenvolví o meu primeiro proxecto, asociado á articulación curricular, no ámbito da Filosofía para a Infancia, tendo o pracer e a curiosidade de seguir investigando. No segundo mestrado seguí coa investigación, pero, dada a finalidade deste curso –organización escolar r–, non xurdiu a oportunidade dun proxecto arredor da educación cidadá.

A miña carreira profesional desenvolveuse paralelamente ao meu interese pola investigación. Mentres traballaba como docente, no contexto da educación de adultos, agudizáronse os intereses relacionados coa cidadanía e o desenvolvemento curricular. Ao ano seguinte, comecei unha pequena colaboración coa Escola Superior de Educación, impartindo unha Unidade Curricular asociada aos estudos curriculares. Cando tiven a oportunidade de continuar a miña investigación, nun contexto de doutoramento, non o dubidei e tiven a oportunidade de afondar nos procesos de investigación, artellando as tres áreas que marcaron o meu camiño como investigador: currículo, organización escolar e cidadanía.



En que momento da túa formación académica decidiches facer unha tese de doutoramento? *Por que?*



SARA PRADA ALONSO | PD en Matemáticas - Área de Ciencias

A decisión definitiva tomeina durante o desenvolvemento do meu traballo fin de mestrado (do Mestrado en Técnicas Estatísticas da USC) xa que o tema que elixín servíame de motivación para querer seguir investigando no mesmo campo, utilizando as matemáticas no ámbito da xenética. De feito, a directora do meu TFM foi despois co-directora da miña tese de doutoramento. Sen embargo, dende que comecei a carreira de Matemáticas, sempre sentín unha forte atracción polo ámbito da investigación en calquera das súas formas. A vida levoume a facer investigación clínica nunha empresa privada e non quixen deixar de lado a parte da investigación pública comezando unha tese de doutoramento en Matemáticas.

JOSÉ ÁNGEL PARDAVILA PAZ | PD en Medicina Molecular - Área de Ciencias da Saúde

Durante os dous últimos anos de carreira xa pensaba en dedicarme á investigación académica, co cal, presentábase claro que a elaboración da tese de doutoramento ía ser algo que viría co tempo se as cousas non mudaban.


Logo de finalizar os meus estudos de licenciatura, durante o Mestrado en Investigación Biomédica, que tamén cursei na USC, entrei en contacto co traballo de investigación académica “real”. O estudo e o traballo diario no laboratorio fixeron que o meu interese pola investigación científica non fixese máis que aumentar, marcando isto un camiño a seguir bastante claro.

Unha vez obtida a mestría, a tese de doutoramento era o seguinte paso lóxico para continuar a miña carreira, coñecer a investigación máis en profundidade e sobre todo, rematar a miña formación como investigador, habilitándome para xerar novo coñecemento por min mesmo. Nestes dous últimos puntos posiblemente radique a resposta ao “por que?” decidín facer una tese de doutoramento: rematar a miña formación como investigador independente e satisfacer preguntas tanto a nivel profesional como pola curiosidade persoal e intelectual que me espertan estas respostas.



En que momento da túa formación académica decidiches facer unha tese de doutoramento? *Por que?***JORGE RODRÍGUEZ VEIGA | PD en Estatística e Investigación Operativa - Área de Ciencias**

Unha vez rematado o grao en matemáticas decidín facer o mestrado interuniversitario en Técnicas Estatísticas. No máster decanteime por materias da área de Investigación Operativa sentindo unha gran paixón por esa rama das matemáticas. Unha vez finalizado o Máster non quería que o meu coñecemento na optimización e teoría de xogos quedase aí, polo que falando coa que posteriormente foi a miña directora de tese, Balbina Casas Méndez, embarcámonos na aventura do doutoramento.

**MARCOS PINAQUE VARELA | PD en Equidade e Innovación en Educación - Área de Ciencias Sociais e Xurídicas**

Nas prácticas do mestrado sobre Necesidade Específicas de Apoio Educativo tiven a oportunidade de acudir a un centro de Educación Especial especializado na atención de alumnado con TEA. A metodoloxía de traballo que levaban a cabo no centro educativo resultoume especialmente interesante e diferente ao que tiña observado en prácticas anteriores. Na visita ás aulas houbo dous aspectos que me chamaron poderosamente a atención: a distribución da aula, cunha estrutura moi clara e un amplo nivel de sinalización, e a gran cantidade de materiais que tiñan dispoñible nas aulas.

Esta experiencia obrigoume a recapitular o vivido durante as prácticas escolares na etapa de maxisterio. Nunha destas prácticas tiven a oportunidade de observar como se desenvolvía a atención educativa dun alumno con TEA nun contexto ordinario. Loxicamente a comparativa indicaba un abismo entre o enfoque da atención nun contexto e noutro.

Desta comparativa xorde a miña idea de investigar sobre a situación dos nenos/as con TEA nas aulas ordinarias co pretexto de que, analizada a situación, sería máis doado atopar aqueles aspectos nos que incidir para favorecer a mellora da atención educativa deste alumnado nas aulas ordinarias favorecendo a súa inclusión.

En que momento da túa formación académica decidiches facer unha tese de doutoramento? *Por que?*



FRANCISCO GARCÍA LÓPEZ | PD en Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética - Área de Ciencias

Teño 48 anos e levo no programa de doutoramento os últimos 4 anos de xeito máis intenso. Asumo a miña formación dun xeito continuo e, por ser máis próximo á rama técnica, non me vin preparado para lanzarme até que reunín suficiente información, experiencia e formación para presentar a miña tese. Creo, ademais, que foi un aspecto moi positivo porque tiven que volver a ver as cousas dun xeito máis académico e iso está a axudarme a darlle ao meu traballo esa vertente máis teórica e facer un balance máis axeitado entre a *thesis* e a *praxis*.

ARÍS FANJUL HEVIA | PD en Estatística e Investigación Operativa - Área de Ciencias

Cando acabei a carreira de Matemáticas, facer a tese non era senón unha máis das incertas posibilidades entre as que elixir. Á hora de decantarme por un mestrado non quixen pecharme portas e asegureime de que o elixido (Técnicas Estatísticas na Universidade de Santiago de Compostela) tivera como saída facer unha tese de doutoramento. Durante o meu primeiro ano en Santiago, tiven a oportunidade de afondar un pouco no mundo da investigación mediante un contrato nun proxecto, o que me permitiu ver de cerca a dinámica e o ambiente que se respiraba nese departamento.

Foi a finais dese ano cando o que despois se convertería nun dos meus directores falou comigo e me animou a pedir algunha das axudas que hai para realizar o doutoramento. Aínda que non lle dixen que si de inmediato, souben que era unha oportunidade que podía non volver a presentarse. Contando co apoio da miña familia, entre os que se encontraban unha curmá que acababa de defender a súa tese e o meu irmán, que acaba de empezar a súa, e sabendo que o grupo de investigación onde me metía era moi bo, decidín embarcarme nesta aventura. E xa non mirei atrás.



En que momento da túa formación académica decidiches facer unha tese de doutoramento? *Por que?*

ADRIÁN CASANOVA CHICLANA | PD en Medio Ambiente e Recursos Naturais - Área de Ciencias

'Quo vadis?' Sentimos esta pregunta como unha pulsión desde o noso interior. En repetidas ocasións ao longo da nosa vida. Unha delas sentina o día posterior á defensa do meu TFM. Na facultade vin un cartel “co tío Sam” (literalmente), convidando ao alistamento nun talentoso departamento para embarcarme nunha tese de doutoramento. Que me levou a cruzar a porta? A primeira razón sería o afán por saber. A curiosidade, motor do coñecemento como diría Paulo Freire. A segunda, a posibilidade dun contrato predoutoral que me permitise acadar certas metas desde unha mínima estabilidade económica. Esta última razón, fundamental e necesaria para todas nós. Afortunadamente, tras varios intentos tiven sorte. Mais nunca esqueceréi todos os talentos que tiveron que voar.



MARÍA JESÚS GONZÁLEZ RELLÁN | PD en Endocrinoloxía - Área de Ciencias da Saúde

O meu nome é María Jesús González Rellán, aínda que case todos me coñecen por ‘Chusa’. Actualmente traballo como investigadora posdoutoral no grupo de Molecular Metabolism do CIMUS, dirixido polo profesor Rubén Nogueiras, onde realicei a miña tese de doutoramento. O próximo verán marcharei a Canadá para seguir coa miña formación.


A idea de facer unha tese de doutoramento empezou a agromar cando estudaba 3º do grao de Bioloxía. Logo de ter cursado as materias de Fisioloxía, que tiveron un gran impacto na miña formación, souben que quería seguir sabendo máis e máis. Estas materias que acabo de nomear buscan entender o “por que” do que lles ocorre aos animais e ás plantas. Os mecanismos que están detrás de procesos tan básicos, diversos e necesarios como respirar, relacionarse coa contorna, enfrontarse a enfermidades ou reproducirse. E investigar é basicamente iso: facerse preguntas constantemente e tratar de atopar unha resposta que nos axude a entender mellor unha enfermidade ou un proceso biolóxico. Cando un investiga está a abrir camiños novos, non andados con anterioridade. Esa parte é moi excitante e require moita paciencia, determinación e perseveranza. Pero paga a pena!

En que momento da túa formación académica decidiches facer unha tese de doutoramento? *Por que?*



LUCA PICCOTTI | PD en Matemáticas - Área de Ciencias

Son italiano e veño da Facultade de Física da Universidade de Roma 'La Sapienza'. No marco do programa Erasmus+ realizado na Universidade de Santiago de Compostela, enfronteime á astronomía baixo unha perspectiva diferente e, en particular, á astrodinámica e a astrometría. Axudoume ter contactos internacionais e iso, unido ao feito de coñecer esa fonte inesgotable de coñecemento que é o profesor Docobo, impulsoume a seguir os meus estudos e realizar o doutoramento no Observatorio Astronómico Ramón María Aller, dentro do programa de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela con resultados moi satisfactorios desde o punto de vista da investigación. Tamén tiven a oportunidade de aplicar os meus coñecementos nunha parte máis práctica da tese, ademais da máis matemática, realizando varias campañas de observación astronómica con interferometría *speckle* no *Byurakan Astrophysical Observatory* de Armenia e no *Observatoire de la Cote d'Azur* en Francia.



[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

A USC creará en 2022 máis de medio cento de prazas de profesorado axudante doutor

Para máis información sobre esta e outras medidas adoptadas no Consello de Goberno do 27 de xaneiro, podedes premer [nesta ligazón](#).

Neste ano 2022, a USC acometerá unha serie de medidas como parte do conxunto de actuacións en materia de Persoal Docente Investigador (PDI). Unha das principais medidas é a creación de máis de medio cento de prazas de profesorado axudante doutor. En concreto, o documento contempla a creación de 68 prazas docentes, das cales 52 están destinadas a este corpo docente.

Como explicou o vicerreitor de Profesorado, “o profesorado axudante doutor é unha figura de acceso á carreira docente e investigadora pola que a USC aposta de forma decidida como vía para propiciar o relevo xeracional e abordar o rexuvenecemento do seu cadro de persoal docente”. Ademais, unha vez que se coñeza o número real de baixas que se vaian producir á finalización do presente curso e as disponibilidades orzamentarias para o ano 2022, esta cifra poderá revisarse para crear prazas adicionais que se asignarán nunha segunda rolda.

O documento tamén recolle as prazas para promoción e estabi-

lización de persoal en categorías con vinculación permanente. Así, propónse a creación de 24 prazas de profesorado contratado doutor e de 4 prazas de profesorado titular para posibilitar a promoción de profesorado axudante doutor que finaliza o seu contrato antes do 31 de decembro de 2023.

A dotación de 20 prazas de profesorado titular de universidade para posibilitar a promoción de profesorado contratado doutor acreditado para este corpo docente, así como 35 de catedrático/a para impulsar a promoción do profesorado titular integran unhas actuacións entre as que tamén se atopan as dez prazas de profesorado destinadas á estabilización de investigadores/as Ramón y Cajal e doutros programas de excelencia. En relación co devandito programa, o Consello de Goberno aprobou tamén un total de 19 prazas para persoal investigador no marco da convocatoria Ramón y Cajal 2021.

Para máis información sobre esta e outras medidas adoptadas no Consello de Goberno do 27 de xaneiro, podedes premer [nesta ligazón](#).

 [Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

O ‘Programa Investiga’ convoca a contratación de 585 persoas mozas para I+D+i

O 3 de febrero remata o prazo para optar ás prazas do ‘Programa Investiga’.

A Consellería de Emprego da Xunta de Galicia convoca a contratación dun total de 585 persoas mozas para a realización de actividades de I+D+i a través deste programa, que substitúe ao ‘Principia’. ‘Investiga’ dá prioridade ás ocupacións referidas á sanidade, transición ecolóxica e economía verde, servizos de dixitalización e *big data* e proxectos de investigación no ámbito da cultura, as áreas sociais ou as artes.

Será obxecto das axudas a contratación de persoas mozas, de 16 ou máis anos e que non fíxesen os 30 anos no momento de comezar a relación contractual

As axudas deste programa poderán ser solicitadas por empresas galegas e/ou con centro de traballo en Galicia e por organismos de investigación (universidades, fundacións, centros tecnolóxicos públicos ou privados...). Máis información neste [enlace](#).

EDIUS **NOVAS**

Convocadas as axudas de apoio á etapa predoutoral

O Diario Oficial de Galicia (**DOG**) do pasado 31 de xaneiro publicou a orde do 31 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema Universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i. Trátase dunha convocatoria da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. O prazo de solicitude previsto é até o 1 de marzo.

O obxecto desta convocatoria, que ten un orzamento de 11,4M€, é a contratación de persoal nas súas etapas iniciais para que, mediante procesos formativos estables, adquira as habilidades propias do persoal investigador.



[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

Axudas para completar a etapa de formación posdoutoral

O prazo de presentación de solicitudes remata o 22 deste mes de febreiro. Máis información nesta [ligazón](#).

A Axencia Galega de Innovación (GAIN) convoca axudas para posibilitar a continuación da formación das doutoras e doutores que comezaron a súa formación posdoutoral, posibilitando un perfeccionamento na súa formación e o establecemento dunha liña de investigación propia que lles permita, nun futuro, consolidar a súa traxectoria. Serán un máximo de 23 axudas das que a previsión inicial de concesión é a seguinte: 20 axudas para as universidades do SUG e 3 para as demais entidades.

Nesta convocatoria, poderán optar a estas axudas aquelas persoas investigadoras co grao de doutor que se atopen na data de peche da convocatoria nalgún dos seguintes supostos:

Que estiveran contratadas na modalidade A da convocatoria de axudas posdoutorais de 2018 e que non renunciaran ao contrato.

Que estiveran contratadas a través da modalidade A da convocatoria de axudas posdoutorais de 2017, que tiveron unha interrupción e prórroga do contrato polas causas establecidas na lei, que finalizaron o contrato e que non se presentaron á convocatoria de axudas para completar a etapa de formación posdoutoral de 2021.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

A USC consegue 8 das 15 bolsas ofertadas de Doutoramento Industrial

O Programa de Doutoramento Industrial da Axencia Galega de Innovación financia o desenvolvemento dunha tese de doutoramento na contorna empresarial, baseada en proxectos de investigación que impliquen unha colaboración efectiva entre unha empresa ou centro de innovación e tecnoloxía, e unha universidade do Sistema Galego Universitario (SUG) por un período de 3 anos. A Universidade de Santiago de Compostela conseguiu 8 das 15 bolsas ofertadas.

EDIUS NOVAS

Nova resolución reitoral sobre a equivalencia do título de doutor/a

O pasado 21 de xaneiro aprobouse unha nova **resolución** reitoral que regula o procedemento de equivalencia a nivel académico do título de doutor/a na USC e deroga a anterior resolución de marzo de 2006. A concesión da equivalencia acreditarase mediante o correspondente certificado de equivalencia expedido pola universidade que a outorgue, e nel farase constar o título estranxeiro posuído polo interesado e a universidade de procedencia. A equivalencia poderase solicitar de maneira simultánea en máis dunha universidade.

EDIUS NOVAS

Teambuilding: aprendendo a traballar en equipo

O profesor Xosé Luis Pastoriza Rozas impartiu nos campus de Santiago e Lugo o curso ‘Teambuilding: aprendendo de xeito activo a traballar en equipo’, unha formación deseñada para o desenvolvemento de habilidades para o traballo en equipo das persoas doutorandas.

Pastoriza Rozas aplicou a metodoloxía da aprendizaxe experiencial de tal xeito que o curso non tivo sesións teóricas. As aprendizaxes desenvólvense a partir da realización dunha serie de dinámicas activas en equipo orientadas ao desenvolvemento das competencias de comunicación, cooperación, liderado, escoita activa e feedback necesarias para traballar de forma eficaz en equipo. Tras cada actividade realizáronse unhas sesións colectivas de revisión das aprendizaxes vinculadas a cada dinámica cunha revisión final en común.

Xosé Luís Pastoriza Rozas é licenciado en Filosofía e Máster en Desenvolvemento Local pola Universidade de Santiago de Compostela. Tamén é MSc NGOs and Development pola London School of Economics and Political Science. Actualmente é docente no Grao de Filosofía da USC e consultor especializado en políticas públicas de cooperación para o desenvolvemento e educación para a cidadanía global. Como GradSchool Tutor certificado por Vitae-UK en competencias transferibles ten impartido formacións específicas de aprendizaxe experiencial de traballo en equipo.



Xosé Luis Pastoriza Rozas, docente no Grao de Filosofía da USC, ofreceu un curso sobre ‘Teambuilding: aprendendo de xeito activo a traballar en equipo’.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

As mulleres, á cabeza do número de iniciativas emprendedoras desenvolvidas en Galicia

Un estudo elaborado polo Observatorio do Emprendemento de España con datos do *Global Entrepreneurship Monitor* (GEM) sitúa ás mulleres á cabeza do número de iniciativas emprendedoras desenvolvidas en territorio galego, cunha taxa do 5% en 2020, superando por segundo ano á masculina. O informe, realizado en colaboración con ENISA e Coca-Cola e presentado pola profesora Isabel Neira, conclúe que aínda que as mulleres se consideran preparadas para emprender no mesmo nivel que os seus homólogos masculinos, nos momentos de incerteza derivados da COVID-19, “só o 20% percibían oportunidades, fronte ao 33% dos homes”, afirmou Neira.

Os datos de percepción presentados indican, tal e como explicou Neira, que, para o 39% delas, emprender “é un proceso asumible”, e que un 56% considera que sabe como facelo, sendo para o 50% unha boa opción de carreira profesional; porén, “o medo ao fracaso continúa como unha espada de Damocles para o 44% das emprendedoras”. “Trátase de percepcións que sempre manifestan nun ton máis pesimista que os seus homólogos masculinos, pero que, con todo, lévaas a liderar todas as fases do proceso emprendedor”, sinalou.

Sobre as motivacións que impulsan o emprendemento, a maioría das mulleres din facelo para “gañarse a vida ou por continuar coa tradición familiar”. En menor medida atópanse as motivacións relacionadas con “xerar renda ou riqueza alta”.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

Catorce investigadoras da USC, entre as científicas de España con maior influencia

As investigadoras da USC son protagonistas destacadas no panorama científico nacional, tal e como se constata na última edición do *ranking* DIH, que inclúe 14 investigadoras da USC entre as mellores científicas residentes en España. Esta clasificación avalía a calidade científica en función do denominado índice h, unha metodoloxía proposta por Jorge Hirsch, da Universidade de California, que ten en conta o número de artigos publicados e a posterior cantidade de citas que rexistra para determinar o impacto das publicacións científicas.

As investigadoras da USC incluídas nesta nova listaxe, cuxos autores/as analizaron durante 2021 datos referidos ao labor científico desenvolvido por 785 investigadoras residentes en España, pertencen a un amplo abano de áreas de coñecemento e disciplinas.

A catedrática de Farmacoloxía e Farmacia da USC, **María José Alonso**, que ocupa a terceira posición deste *ranking*, é tamén a investigadora da USC que conta cun índice h máis alto. Outras científicas da USC de contrastado relevo e prestixio nacional e internacional son **Lourdes Santana, Josefa Fernández, Alicia Estévez Toranzo, Carmen Álvarez Lorenzo, Ana María Soto Campos, María Dolores Cortina, María Teresa Moreira e Beatriz Magariños**.

A investigadora do Laboratorio Nacional de Referencia E.coli e profesora de Veterinaria **Azucena Mora Gutiérrez** é a única científica do Campus de Lugo que figura entre as 466 científicas nacionais máis destacadas contabilizadas nesta última edición do *ranking* DIH, unha publicación na que tamén figuran outras investigadoras da USC como son **María Pilar Bermejo Barrera, María Llompart, Rosana Rodríguez López ou María Victoria Lareu Huidobro**.



catro cousas

Quero...

Que necesito para acabar
a miña tese

Responder pregunta



 **catro cousas**

Os resultados:


Acreditarse?

Que facer despois da tese.

(Os resultados non son representativos porque a participación na enquisa foi reducida)


Cando remate a tese, teño pensando dedicarme á:

- Docencia
- Inversigación
- Outro




Coñezo os requisitos para acreditarme

- Academia.edu
- ResearchGate



Despois da defensa da tese teño máis posibilidades de traballar

	1	2	3	4	5	Total
Docencia	14,28%	28,58%	14,28%	14,28%	28,58%	100%
institución	5,26	10,53	21,05	42,11	21,05	100%
centro	0	0	57,14	14,28	28,58	100%
Empresa	0	46,15	46,15	7,70	0	100%
Ninguna	52,38	14,28	9,52	4,76	19,06	100%

 [Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

ANECA estenderá a experiencia do curso para personas investigadoras noveles impartido en Lugo a outras universidades de España

A EDIUS e a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA) puxeron en marcha o pasado 27 de xaneiro unha experiencia piloto de formación para mozos e mozas investigadoras sobre os pormenores da carreira académica. O proxecto, que se levou a cabo na Facultade de Veterinaria do Campus de Lugo, inscribiuse nas actividades do ‘I Campus de Inverno’ da EDIUS.

Pablo Taboada, director da EDIUS, destacou a presenza de ANECA en Lugo como modo de visibilizar o acompañamento da Axencia ás universidades e ás persoas docentes e investigadoras. “A actividade inscríbese na alta oferta de calidade da Escola de Doutoramento e é un xeito de orientar á xente máis nova na súa carreira investigadora desde o primeiro momento, o que supón un reforzo na orientación da súa investigación”.

O curso, titulado ‘O proceso de acreditación de ANECA na carreira académica’, impartirase noutras universidades de España. Mercedes Siles Molina, directora de ANECA e unha das persoas encargadas de inaugurar a formación, explicou que se trata dunha “iniciativa pioneira que poñemos a disposición das escolas de doutoramento e das universidades



e centros de investigación, coa que pretendemos explicar á xente máis nova cal é o desenvolvemento da carreira académica e investigadora a través do coñecemento detallado dos programas e das actividades de acreditación e avaliación da Axencia”

Máis de 125 persoas asistiron, presencial e virtualmente, ao curso. Toni Martínez, presidente do Comité Avaliador de Ensinanzas Técnicas no Programa PEP, encargouse de explicar os pormenores do proceso e os criterios de acreditación. Na súa opinión, a Axencia “debe tamén orientar e escoitar. É dicir, facilitar as tarefas de afrontar o proceso de avaliación, sobre todo aos solicitantes máis noveles”. Martínez entende que accións como a de Lugo son de enorme importancia para que, tanto os/as doutorandos/as como os/as profesores/as en formación, reforcen a súa confianza en ANECA e nos procesos implementados”.

[↩ Ir ao sumario](#)

ENTREVISTA



Mercedes Siles Molina

Catedrática de Álgebra desde 2009 (única catedrática de Matemáticas da Universidade de Málaga). Foi investigadora visitante nas Universidades de Colorado (USA); no *Center of Ring Theory (Athens, Ohio, USA)*; *Kent State University (Ohio)*; *University of Maribor (Eslovenia)*; *Queen's University, Belfast (Northern Ireland)*; Universidade de Panamá, entre outras, así como en diversos centros de investigación e universidades españolas. Desde o 19 de febreiro de 2020 dirixe ANECA.

Mercedes Siles Molina,
directora de ANECA.

«Queremos que a colaboración coa USC sexa o proxecto piloto para explicar ao estudiantado que pode facer ANECA por el»

O pasado mes de xaneiro, Lugo acolleu un curso para explicar o traballo da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA). Esta formación foi impartida por Mercedes Siles, directora de ANECA desde hai dous anos. Segundo nos explica, este tipo de actividades son moi importantes para “a nova ANECA” que ten o firme propósito dun maior “achegamento á mocidade”.

Como definiría a ANECA?

A Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA) apareceu para actuar en pro da calidade do sistema de educación superior no noso país. Temos varios ámbitos de acción, un é a avaliación de persoas, outro é o de avaliación de titulacións e institucións e, ademais, somos tamén a Axencia que realiza as homologacións e equivalencias.

No caso da avaliación de persoas, cales son as principais accións ou programas da axencia?

Temos programas de acreditación (PEP e ACADEMIA) e de avaliación da actividade investigadora a través dos sexenios de investigación e, en 2018, púxose en marcha a convocatoria piloto do sexenio de transferencia. A idea é que nun futuro apareza tamén

un sexenio docente e, así, se potencien a investigación, a transferencia e a docencia. Desta maneira, teremos contemplados todos os aspectos do que se fai na vida universitaria e nos centros de investigación.

ACADEMIA céntrase na avaliación para o acceso a prazas de funcionario/a, é dicir, titularidades e cátedras, e en PEP acredítanse para postos docentes de persoal laboral que na actualidade inclúen profesor contratado doutor, axudante doutor e profesor de universidade privada. Temos tamén outra parte moi interesante que é a avaliación de contratos e axudas para a formación. Así mesmo, facemos a avaliación das axudas complementarias para estadías breves e das bolsas de mobilidade **José Castillejo** y **Salvador Madariaga**.

PEP é o programa máis vinculado ao persoal investigador en formación, a primeira saída para acreditarse. Como explicaría que é este programa e cales son os requisitos. O Programa de Avaliación do Profesorado para a contratación (PEP) é para comezar a carreira docente. Eu recomendaríavos que mirardes o **‘Conversaciones con ANECA’** que fixemos o ano pasado onde aparece

↩ [Ir ao sumario](#)

«Tamén no Consello Reitor de ANECA hai representación das asociacións de estudantes con máis representatividade a nivel estatal»

recollida a normativa que regula como se fan as solicitudes e explícase absolutamente todo. En [ANECAtv](#) hai un vídeo no que contamos cales son os pasos a seguir e logo cada un dos comités avaliadores explica cales son os criterios, porque hai criterios xerais e outros específicos para cada un dos ámbitos de coñecemento.

Como está representado o estudantado na Axencia?

O estudantado está representado a través de distintos comités e comisións. Nos programas de avaliación de ensinanzas e institucións temos estudantes para facer avaliación de titulacións, acreditación institucional, avaliación de centros... O estudantado pode formar parte destes comités. Tamén no Consello Reitor de ANECA hai representación das asociacións de estudantes con máis representatividade a nivel estatal.

Pode participar o estudantado nos comités de avaliación de profesorado?

Cando son de avaliación de profesorado non participan porque para estar nunha comisión de avaliación debes ter, como mínimo, o nivel que estás avaliando.

Pero si poden participar en avaliación de institucións.

Iso si, poden estar en todo o que compete á avaliación de títulos e nos Selos Internacionais de Calidade (SIC) que temos. Nestes comités avaliadores si pode participar o estudantado. Cando eu cheguei hai dous anos tiñamos selos en Enxeñaría, Informática e en Química. Despois puxemos en marcha o de Medicina, e o primeiro propio da Axencia: o ENPHI, de ensinanzas non presenciais e híbridas. Agora estamos a traballar coa Fundación ONCE para crear un selo de inclusión social.

Se un/ha alumno/a quere formar parte desas comisións, que debe facer?

Pois pode poñerse en contacto coa nosa División de Avaliación de Ensinanzas e Institucións e enviarnos un correo electrónico cos seus datos e un currículo mostrando o seu interese en participar en algún dos comités de avaliación.

Que mecanismos de acción positiva impulsou ANECA durante o seu mandato?

A miña primeira acción foi nomear mulleres presidentas en todos os comités de sexenios. E non porque sexamos nin mellores nin peores que os homes, senón porque hai que visibilizar o papel da muller e demostrar que poden estar en postos de responsabilidade porque teñen capacitación máis que suficiente. Ademais, o equipo directivo está constituído por maioría de mulleres. Todos os comités e comisións de avaliación son paritarios e, cando facemos renovacións de comités e comisións, tratamos de que sexan tamén paritarias. Ademais, por primeira vez, na axencia déronse todos os datos estatísticos dos nosos programas en aberto e segregados por xénero. Cremos que coñecer os datos fai posible que se visibilice a situación e se poidan tomar decisións. Tamén facemos análises con perspectiva de xénero de todos os nosos programas.

Como se regulan esas medidas?

O ano pasado fixen unha resolución sobre medidas positivas para os programas de avaliación de profesorado para as persoas que están en situación de baixa por maternidade ou paternidade ou por enfermidade. Hai que potenciar a carreira

 [Ir ao sumario](#)

«Queremos que a colaboración coa USC sexa o proxecto piloto para explicar ao estudantado que pode facer ANECA por elas/es e que nos digan que esperan da Axencia»

 [Ir ao sumario](#)

das mulleres e dos homes que teñen fillos/as porque hai que conciliar e, para iso, ensinar a facelo, pois é prioritario recoñecer que esta tarefa de conciliación a fan tanto mulleres como homes. Tamén estamos contemplando poñer en marcha un selo en Igualdade e, ademais, asinamos un convenio de colaboración co Ministerio de Universidades e **Crue Universidades Españolas** para facer un estudo sobre a fenda salarial en universidades, estudo que se presentou o pasado mes de decembro. Igualmente, o emprego da linguaxe inclusiva é importante. Asinamos, tamén, protocolos de actuación fronte ao acoso e, no código ético, recolleemos a importancia da igualdade. En definitiva, a axencia procura exercer activismo en favor da igualdade entre homes e mulleres. Continuaremos no futuro con estas políticas e crearemos unha unidade de equidade que contemple a igualdade, inclusión social e integridade académica. Hai que seguir detectando posibilidades de mellora e continuar actuando en pro desa igualdade, pois esta é unha liña prioritaria para a axencia.

Vostede acostuma a referirse á nova ANECA. Que cambiou na Axencia para que sexa nova?

En ANECA cambiaron moitísimas cousas. Considero que foi fundamental o cambio no espírito que move ás persoas que traballan na axencia. O cambio de cultura, tanto interno como externo, creo que foi moi importante. Interno porque somos un servizo público y debemos ser transparentes e áxiles á hora de detectar problemas e presentar solucións da maneira máis inmediata posible. Temos unha mirada transversal de todos os nosos programas e actuacións e isto está calando na axencia. ANECA ten un papel fundamental na mellora da calidade das institucións


e axudou a que mellore a calidade do profesorado. É moi importante a posta en marcha das acreditacións porque, cando tes unha mirada afastada, fas unha mellor avaliación. Máis libre e equitativa.

E externamente?

A nivel externo, un dos cambios importantes é a posta en marcha de **#ConversacionesConANECA**, a creación de boletíns quincenais, achegarnos ás universidades... Todo isto fai que os centros vexan a ANECA máis próxima. Prestamos tamén atención aos problemas da Universidade e das institucións para detectar as súas necesidades. ANECA impúxose a misión de acompañar tanto ás institucións como ao profesorado, ás persoas que se dedican á investigación, á docencia e á transferencia. Creo que isto xa se está a percibir.

E a mocidade, está a velo?

Temos que traballar moito máis con investigadoras e investigadores en formación así como coas persoas que comezan a súa carreira docente, pouco a pouco imos conseguindo que cale esa mensaxe de axuda á mellora. Agora é fundamental achegarnos ás mozas e mozos, xa que teñen outra visión máis fresca e a capacidade de percibirnos como realmente somos porque non teñen ideas preconcebidas. Cursos como o que ofrecemos no Campus de Lugo forman parte da nova ANECA e dese propósito de achegamento á mocidade. Queremos que a colaboración coa USC sexa o proxecto piloto para explicar ao estudantado que pode facer ANECA por elas/es e que nos digan que esperan da Axencia. Despois, queremos trasladar a iniciativa a outras universidades. O curso de Lugo servirá como inauguración da nosa Aula ANECA.



Formación

Actividades Xaneiro 2022

Transversais

Módulo: Competencias en análise de datos e modelización

Estatística científica cos algoritmos de R

Aula da Biblioteca Universitaria de Lugo. 22, 23 e 25 de febreiro de 2022 de 16:00 a 20:00

Matricula: do 8 ao 15 de febreiro de 2022

Introdución á regresión

Aula de formación EDIUS, Edificio CEA, Pq. de Vista Alegre. 15 e 18 de febreiro de 16:30 a 19:30h; 22 e 24 de febreiro de 10:00 a 13:00h

Matricula: do 1 ao 8 de febreiro de 2022

Análise e visualización de datos espaciais con R

Online 9, 10, 11, 16, 17 e 18 de febreiro de 2022 de 16:00-18:00h


Matricula: do 25 de xaneiro ao 2 de febreiro de 2022

Módulo: Competencias en información e recursos

Seminario Estudantes Doutoramento

A actividade empeza o 9 de febreiro, e continuará o primeiro mércores de cada mes

Matricula: do 1 de febreiro ao 1 de marzo



Formación

Actividades Xaneiro 2022

Transversais

Módulo: Competencias en comunicación, divulgación

Divulgación e visibilidade social da investigación

Facultade Xeografía e Historia; Aula Magna. 8, 14 e 15 de febreiro de 2022 de 16:30 a 19:30h

Matrícula: do 24 ao 31 de xaneiro de 2022

Módulo: Tratamento e modelización da información territorial

Introdución á xeostatística en R

Presencial e síncrono Aula E-Terra Biblioteca Intercentros. Campus de Lugo. 24 de febreiro de 2022 e 3 e 10 de marzo de 2022 de 9:30-13:30h

Matrícula: do 25 de xaneiro ao 2 de febreiro de 2022

EDIUS NOVAS

Divulgación científica para achegar a investigación académica a sociedade



Ofelia Rey Castelao,
Doutora en Historia
Moderna

É un dos tres profesores da USC que este mes imparten o curso ‘Divulgación e visibilidade social da investigación’. Trátase dunha formación dividida en dous días para que os/as estudantes comprendan a necesidade da colaboración e a creación de sinerxias mediante o intercambio de recursos e coñecemento.

Rey Castelao, que imparte este curso xunto con María Teresa Fanego Lema e José Miguel Túnñez López, explica que se trata dunha formación básica dos/as doutorandos/as para que saiban “o importantísimo lugar que todos/as ocupan no sistema académico, xa que, por primeira vez, se enfrontan coa investigación”. A profesora, doutora en Xeografía e Historia, engade que os/as investigadores/as, até chegar ao doutoramento, descoñecen, “porque non se lles explica”, o funcionamento e as oportunidades dese sistema “que os sitúa nun contexto do que depende, na realidade, toda a investigación e a innovación no contexto europeo, estatal e autonómico”.

A idea desta formación xurdiu xa hai uns anos en varios programas de doutoramento. Ofelia Rey comenta que “a relación coa xestión de I+D é o que nos une aos docentes deste curso”. O que os tres aportan é, sobre todo, información e formación práctica para que os/as doutorandos/as saiban como se fai un currículo científico, que son as revistas de impacto, que opcións hai para estancias no extranxeiro, etc.

Esta formación está dirixida, fundamentalmente, aos estudantes da EDIUS das áreas de Humanidades e de Ciencias Sociais, entre os que ten moito éxito. Rey Castelao asegura que cómpre ter en conta que eses estudantes son un conxunto moi diverso. Unha parte ten rematado o mestrado hai pouco, outra, vén doutras universidades ou do estranxeiro. Outros son profesionais que fixeron os seus estudos hai tempo “polo que é preciso unha nivelación e unha actualización en temas que consideramos de gran interese”.

A doutora da USC teno moi claro. O que está a fallar para que a sociedade non coñeza os avances que se están a producir no eido da investigación é a comunicación. “Teño dito moitas veces que para que a sociedade coñeza a

[↩ Ir ao sumario](#)

investigación académica é preciso contar con bos comunicadores científicos, que non é o mesmo que divulgadores -que sobran, por certo-, porque estes collen da investigación o que pode asegurarlles un titular”, explica.

Ofelia Rey considera que a universidade “xa fai moito” para mudar esta tendencia, aínda que reconece que para iso “loita con inimigos difíciles de combater”. Para explicalo, pon o exemplo da facultade de Historia: “os que saen nas redes sociais e nos medios de comunicación raras veces son académicos”. Recalca que os que atraen a atención “son afeccionados -xornalistas, escritores, etc.- que non fan investigación, senón coller un feito que sexa moi colorido e presentalo como tal, cando moitas veces nunca pasaron pola nosa facultade e non saben que a formación metodolóxica precisa pasar por un grao, un mestrado e un doutoramento para dominar a investigación. O mesmo ocorre en Física, Matemáticas ou Medicina”.

«Máis do 60% da investigación faise nas universidades públicas e unha parte no CSIC ou en organismos semellantes»

Con respecto ao papel do mundo empresarial na divulgación científica, a profesora explica que, en España, “máis do 60% da investigación faise nas universidades públicas e unha parte no CSIC ou en organismos semellantes”. “As empresas non invisten o que deberían”, engade. No caso de Humanidades, “case o cen por cen do financiamento é público”, destaca.

Ofelia Rey considera que “xa temos resolto hai tempo” que facer para que a difusión e visibilidade social da investigación sexa un éxito. “Difundimos ciencia de calidade a estudantes que ao rematar son docentes de Secundaria ou de universidade, ou que traballarán en museos, arquivos, bibliotecas, centros culturais, servizos de traducción, de exposicións, etc. Todos eles e elas son a correa de transmisión que difunde e visibiliza o que se fai na universidade”.





Teses

Xaneiro 2021

Comunicación y discursos en el proceso de paz en Colombia

MIGUEL ÁNGEL PARADA BERNAL

Director/es: Nathalie Marie Pierre Ludec, Xaquín Serxo Rodríguez Campos

PD: Estudos culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe

Data: 10/01/2022 - Presencial

Resumo:

Entre los años 2012 y 2016 se desarrollaron los diálogos de paz entre el Gobierno Nacional de Colombia y la guerrilla FARC-EP, que culminaron con la firma del Acuerdo Final para la terminación del conflicto y la construcción de una paz estable y duradera. En este contexto, se realiza un análisis crítico del discurso sobre el acceso a los medios de comunicación, como un tema recurrente en las agendas de los diálogos de paz que se han realizado con las insurgencias desde mediados del siglo XX, y en los acuerdos de paz alcanzados desde entonces. Esto se interrelaciona con un acercamiento a la comprensión del contexto histórico del conflicto, mediante el contraste de múltiples fuentes documentales, a partir de las cuales, se plantea una aproximación hacia la responsabilidad colectiva de los medios de comunicación masiva en el origen y persistencia de la confrontación armada y su impacto en la sociedad.

Contribution of SUMO to the replication of Ebola virus

SANTIAGO VIDAL FREIRE

Director/es: María del Carmen Rivas Vázquez, Anxo Vidal Figueroa (titor)

PD: Medicina Molecular

Data: 10/01/2022 - Presencial

Resumo:

Neste traballo demostramos a relevancia de SUMO e ubiquitina á hora de modular as proteínas VP24 e VP35 do EBOV. Tamén identificamos novas actividades da proteína VP24 que poderían explicar o fenotipo altamente inflamatorio observado nos pacientes infectados con EBOV así como a falta de maduración das células dendríticas infectadas có virus. Algúns interactivos e rutas de sinalización identificadas neste estudo aparecen coma prometedoras dianas terapéuticas. Ademais os nosos descubrimentos axudan a incrementar o coñecemento e entender mellor a infección por EBOV e a súa patoxenicidade.

[↩ Ir ao sumario](#)

Teses defendidas en xaneiro

Valor pronóstico de la SPECT de perfusión miocárdica en pacientes con sospecha de enfermedad arterial coronaria. Influencia del sexo

GRETHEL RODRÍGUEZ CABALÉ

Director/es: Álvaro Ruibal Morell, Virginia Pubul Núñez, Manuel Pereiro Ferreirós (titor)

PD: Investigación Clínica en Medicina

Data: 12/01/2022 - Presencial

Resumo:

La enfermedad arterial coronaria es un proceso complejo con alta morbimortalidad, La SPECT ha demostrado una alta sensibilidad y especificidad para su diagnóstico. **Objetivo:** Evaluar la utilidad de la SPECT de perfusión miocárdica en el diagnóstico y pronóstico de la enfermedad arterial coronaria y la influencia del sexo. **Material y Método:** se efectuó un estudio observacional, longitudinal y retrospectivo de 2230 pacientes a los que se le realizó SPECT por sospecha de EAC. Se analizaron las características clínicas, los parámetros de la ergometría y gated-SPECT, así como los acontecimientos adversos. **Conclusiones:** Excepto la dislipemia y la obesidad, el resto de los factores de riesgo cardiovascular y el sexo masculino, se asociaron con mayor probabilidad de gated-SPECT positiva. Los modelos de regresión logística mostraron alta precisión para discriminar pacientes con gated-SPECT positiva y con acontecimientos adversos.

Impulses in Differential Equations and Dynamical Systems

JOSÉ MANUEL UZAL COUSELO

Director/es: Juan José Nieto Roig

PD: Matemáticas

Data: 12/01/2022 - Virtual

Resumo:

Many systems present a dynamic behavior that is characterized by the fact that at certain times they undergo a sudden change throughout their evolution. This situation is going to be studied in this memory. On the one hand, different techniques will be used to study some boundary value problems for impulsive differential equations. This type of differential equations presents new and unexpected behaviors even in simple cases. On the other hand, the asymptotic behavior and attractors for dynamical systems with impulses will also be studied, mainly the case of evolution processes.

 [Ir ao sumario](#)

Teses defendidas en xaneiro

Galeguismo, humanismo e desenvolvemento: o pensamento militante de Xaime Isla Couto

JOSÉ LUIS PASTORIZA ROZAS

Director/es: Marcelino Agís Villaverde

PD: Filosofía

Data: 13/01/2022 - Presencial

Desarrollo de productos mínimamente procesados a partir de patata gallega de calidad

MANUEL GÓMEZ LÓPEZ

Director/es: Enrique Rafael Arbones Maciñeira

PD: Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil

Data: 13/01/2022 - Presencial

Resumo:

Esta tese doutoral realiza a primeira presentación sistemática do pensamento do intelectual galeguista Xaime Isla Couto (Santiago de Compostela, 1915- Vigo, 2012) para enmarcalo no ámbito da Historia do Pensamento Galego. A hipótese da investigación establece que Xaime Isla constitúe un dos principais representantes no século XX do personalismo comunitario e do humanismo cristián na tradición galeguista da Historia do Pensamento Galego no seo dun proxecto intelectual de elaboración das bases dunha reflexión crítica verbo do nacionalismo e o galeguismo e verbo do modelo hexemónico de desenvolvemento capitalista.

Resumo:

En esta tesis se realizou la optimización del proceso de elaboración de patata mínimamente procesada a partir de patata de calidad, ensayando el uso de atmósferas modificadas, el tratamiento con sustancias antipardecimiento y el almacenamiento a distintas temperaturas. Además, se determinó el tiempo de vida útil para este producto en las condiciones optimizadas. Los resultados obtenidos muestran que la atmósfera modificada más adecuada para este tipo de producto es la que utiliza N₂; que no es adecuado utilizar sulfitos como agente antipardecimiento, pero si es necesario utilizar otras sustancias como ácido ascórbico y ácido cítrico; y que la temperatura de almacenamiento de debe ser baja, próxima a 2°C y que es necesario mantener la cadena de frío durante el almacenamiento. En estas condiciones el tiempo de vida útil recomendado para este producto es de 2 semanas.

 [Ir ao sumario](#)

Teses defendidas en xaneiro

La identidad cultural del cultivo de maíz en México: importancia y retos ante la apertura comercial de transgénicos

ALBERTO SANTILLÁN FERNÁNDEZ

Director/es: Santiago Pereira Lorenzo, Yolanda Salinas Moreno, José René Váldez Lazalde

PD: Ciencias Agrícolas e Medioambientais

Data: 13/01/2022 - Virtual

Realismo máxico, conflito nacional e metaficción historiográfica de referencia galega (1972-1987): modelos discursivo-ideolóxicos na narrativa de G. Torrente Ballester, V. F. Freixanes e X. L. Méndez Ferrín

PABLO PESADO RODRÍGUEZ

Director/es: Arturo Casas Vales

PD: Estudos da Literatura e da Cultura

Data: 14/01/2022 - Presencial

Resumo:

El trabajo de Tesis Doctoral, La identidad cultural del cultivo de maíz en México: importancia y retos ante la apertura comercial de transgénicos, se basa en la aplicación de técnicas bibliométricas, análisis de productividad agrícola y herramientas de sistemas de información geográfica, orientadas a delimitar áreas con alta diversidad de razas de maíz nativas y asociar su cultivo con la riqueza etnográfica de las regiones, con el objetivo de establecer regiones prioritarias de conservación in situ de razas de maíz nativas donde se restrinja el cultivo de variedades transgénicas.

Resumo:

Esta tese de doutoramento estuda a chegada do realismo máxico ao sistema literario galego como un episodio fundamental do conflito nacional galego-español contemporáneo. Con ese obxectivo propón unha interpretación alternativa desa poética, considerándoa unha ferramenta para a nacionalización das poboacións orixinarias do continente latinoamericano. Desde ese punto de partida, reconstrúe a historia dos conceptos de maxia, imaxinación e fantasía no sistema cultural galego no século XX e rastrea a súa evolución paulatina até a formulación definitiva dun realismo máxico galego entre 1972 e 1987. Para conferir este proceso toma tres casos de estudo: La saga/fuga de J. B. (1972) de G. Torrente Ballester, O Triángulo Inscrito na Circunferencia (1982) de V. F. Freixanes e Breña, Esmeraldina de X. L. Méndez Ferrín.

[↩ Ir ao sumario](#)

Teses defendidas en xaneiro

Violencia, persecucións e relato na conformación do poder golpista en Santiago de Compostela, 1936

RAFAEL GARCÍA FERREIRA

Director/es: Lourenzo Fernández Prieto, Antonio Míguez Machos

PD: Historia Contemporánea

Data: 14/01/2022 - Presencial

Resumo:

Esta disertación está relacionada co golpe de Estado de xullo de 1936 na cidade de Santiago de Compostela e en como se afianzaron os novos poderes a través do uso da violencia por diferentes vías. Por unha parte, estúdase a conspiración e o golpe de Estado en si, como acto de forza para desprazar ás autoridades e tomar o poder. Posteriormente, analízanse as diferentes formas de violencia e persecución que se puxeron en marcha contra unha parte da sociedade, e que tiñan como obxectivo consolidar ese poder: asasinatos, denuncias, depuracións... Finalmente, analízanse os diferentes espazos que actuaron como lugares de violencia e a súa relación con vítimas e verdugos, dándolle unha dimensión e un punto de vista máis a todos os procesos que se analizan.

Imágenes detrás de las imágenes: una imagología de la migración magrebí en los cines español y norteafricano

MALAK ABDALLAH MY AL-SHAMAYLEH

Director/es: César Pablo Domínguez Prieto

PD: Estudos da Literatura e da Cultura

Data: 14/01/2022 - Virtual

Resumo:

Esta tesis doctoral procura analizar el imaginario colectivo y todo un repertorio de imágenes mentales mutuas entre el Magreb y España. Para ello, se ha elegido la figura del inmigrante magrebí en España como representante del mayor encuentro entre las dos partes hoy en día. La elaboración del presente estudio se basa en la teoría imagológica interesada principalmente por los estereotipos nacionales e internacionales, llamados «imagentipos» por los imagólogos. Es menester indagar también en la perspectiva orientalista que guarda Europa sobre Oriente. Asimismo, se procura en este trabajo comprender la «particularidad» del caso español a través del análisis de un corpus compuesto de diecinueve textos filmicos españoles y norteafricanos.

[↩ Ir ao sumario](#)

Teses defendidas en xaneiro

Knowledge and awareness about oral cancer in the community

YAIMA ULLOA MORALES

Director/es: Juan Manuel Seoane Romero, Pablo Ignacio Varela Centelles, María Jesús Jose Mora Bermúdez (titora)

PD: Ciencias Odontolóxicas

Data: 17/01/2022 - Semipresencial

Resumo:

Estudio transversal comunitario sobre sujetos seleccionados aleatoriamente en las cuatro capitales gallegas en diferentes localizaciones en una suerte de método pathfinder. Estudio transversal realizado en tres repositorios de intercambio de vídeos usando las palabras clave cáncer de boca y cáncer oral. Resultados: 5.727 personas participaron en el estudio (tasa de respuesta 53%), principalmente entre los 45 y 64 años (30,2%; n=1.728), 47,7% de ellas fueron hombres (n=2.729). El cáncer oral se mencionó; por el 3% de los participantes como primera respuesta no evocada. 1.024 personas (17,95%) mostraron conocimiento activo sobre cáncer oral (no evocado). Conclusiones: La población general tiene un bajo grado de alerta y conocimiento sobre cáncer oral, sus factores de riesgo y signos de alarma. Son necesarias intervenciones educativas adecuadas para promover la prevención primaria del cáncer oral. Los recursos audiovisuales disponibles en línea sobre cáncer oral en español son incompletos.

La integración de la tecnología de computación en la nube en el proceso de enseñanza-aprendizaje: el proyecto RuralSchoolCloud

MARÍA JOSÉ RODRÍGUEZ MALMIERCA

Director/es: Beatriz Cebreiro López, María del Carmen Fernández Morante

PD: Educación

Data: 19/01/2022 - Presencial

Resumo:

El objetivo de esta investigación ha sido analizar en profundidad el diseño, implementación y evaluación de un entorno para la enseñanza flexible y la colaboración en centros educativos de Europa basado en la tecnología de computación en la nube llevado a cabo en el marco de un proyecto de innovación educativa a nivel europeo, el proyecto RuralSchoolCloud (RSC). Para esta tarea se han desarrollado diferentes instrumentos de recogida de datos: cuestionarios para profesorado y alumnado en distintos momentos de la investigación, fichas de buenas prácticas y de actividades educativas digitales, analíticas del sistema, entrevistas que han permitido obtener una gran cantidad de información de lo experimentado durante los dos años de duración del proyecto, 2014-2015. La metodología empleada para la realización de este trabajo de investigación, en virtud de los objetivos y la naturaleza del hecho a estudiar, es investigación basada en diseño IBD, combinando instrumentos cualitativos y cuantitativos.

 [Ir ao sumario](#)

Teses defendidas en xaneiro

Identification of new genomic drivers and predictors of disease evolution in chronic lymphocytic leukemia

ADRIÁN MOSQUERA ORGUEIRA

Director/es: José Luis Bello López

PD: Investigación Clínica en Medicina

Data: 19/01/2022 -Semipresencial

Resumo:

A leucemia linfocítica crónica (LLC) e unha neoplasia linfoproliferativa de células B cunha incidencia anual estimada en países occidentais de 6.9 casos por 100.000 habitantes/ano e unha importante variación entre razas. A LLC caracterízase pola súa heteroxeneidade clínica e xenética, condicionada na súa meirande parte por alteracións xenéticas tales como as mutacións de NOTCH1, SF3B1, ATM, TP53, e POT1 e a ausencia de hipermutación somática en IGHV. A presente tese ten como principais objetivos os seguintes: a) detectar novas mutacións causantes de cancro no xenoma da LLC e analizar a súa importancia pronóstica; b) mellorar a caracterización das áreas do xenoma non codificantes de proteínas, c) identificar novas aberracións estruturais no xenoma dos doentes con LLC, e d) identificar novos patróns de expresión xénica con valor pronóstica en LLC.

Papel dos astrocitos na regulación da homeostase enerxética a través de AMPK

ÁNXELA MARÍA ESTÉVEZ SALGUERO

Director/es: Carlos Diéguez González, Miguel Antonio López Pérez

PD: Endocrinoloxía

Data: 22/01/2022 - Virtual

Resumo:

En esta tesis se investiga la implicación de los astrocitos en la homeostasis energética a través de AMPK. Nuestros resultados muestran que la eliminación genética de AMPK en los astrocitos que expresan la proteína gliofibrilar ácida (GFAP, glial fibrillary acidic protein) provoca un aumento del peso corporal y una disminución de la termogénesis del tejido adiposo pardo (BAT, brown adipose tissue), únicamente en los ratones hembra. Además, estas hembras presentan un aumento de los niveles de aromatasa en el núcleo arcuato (ARC, arcuate nucleus) y en el núcleo ventromedial (VMH, ventromedial nucleus) del hipotálamo. Por lo tanto, estos datos muestran que los astrocitos presentan un claro dimorfismo sexual en el cual participa AMPK.

 [Ir ao sumario](#)

Teses defendidas en xaneiro

Integración morfolóxica y canalización cráneo-vértebro-maxilar en el síndrome de Down

MARTA TERESA GARCÍA GARCÍA

Director/es: María Teresa Abeleira Pazos, Pedro Diz Dios, Jacobo Limeres Posse

PD: Ciencias Odontolóxicas

Data: 21/01/2022 - Presencial

Resumo:

El objetivo de este estudio fue determinar las relaciones existentes entre diferentes estructuras cráneo-cérvico-faciales en personas con síndrome de Down (SD). Para ello, sobre imágenes de CBCT obtenidas de individuos con SD y de un grupo control, analizamos 29 dimensiones agrupadas en tres bloques: atlanto-axiales, cráneo-cervicales y cefalométricas. No encontramos ninguna relación entre los bloques de mediciones en el SD, mientras que en el grupo control existía una correlación estadísticamente significativa entre todos los pares de bloques. Este hallazgo confirma que en el SD la integración morfolóxica cráneo-cérvicomaxilar es muy pobre, reforzando la hipótesis de que la sobrecarga génica potencia el proceso de canalización.

Complexos de lantanoides como potenciais moléculas imán

JULIO CORREDOIRA VÁZQUEZ

Director/es: María Matilde Fondo Busto, Jesús Sanmartín Matalobos

PD: Ciencia e Tecnoloxía Química

Data: 21/01/2022 - Presencial

Resumo:

A tese ten por obxectivo final a obtención de novos imáns moleculares de lantanoides con barreiras enerxéticas e temperaturas de bloqueo elevadas. Nel descríbense o deseño racional e o traballo levado a cabo para a obtención de diversas series de complexos metálicos de lantanoides con potencial comportamento de moléculas imán, así como a súa caracterización estrutural, estudo das propiedades magnéticas e, nalgúns casos, estudos de luminescencia e mediante cálculos ab initio. Con esta investigación preténdese ademais xerar novas correlacións magnetoestruturais que permitan obter imáns moleculares con propiedades melloradas.

Secuenciación masiva diferencial en carcinoma anaplásico de tiroides: novas dianas terapéuticas

MIGUEL ÁNGEL CHENLO MIRANDA

Director/es: Clara Álvarez Villamarín

PD: Endocrinoloxía

Data: 21/01/2022 - Virtual

Resumo:

Estudio de la expresión génica diferencial en carcinoma anaplásico de tiroides mediante técnicas de secuenciación de rna para la búsqueda de marcadores característicos, que sirvan como dianas terapéuticas y marcadores de heterogeneidad tumoral. Para este proyecto se recurrirá al empleo de cultivos celulares tiroideos existentes en nuestra colección tiroidea para el estudio de la actividad de los diferentes quimioterápicos. Para el estudio genómico, se analizará el rna, tanto de tejido tumoral como de células en cultivo para la búsqueda de diferentes macadores.

 [Ir ao sumario](#)

Teses defendidas en xaneiro

Entre o sonho e a realidade: o “status quo” da Educação Física Escolar Brasileira

RUBEM BARBOZA FERREIRA NETO

Director/es: Cristian Abelairas Gómez, Paulo Alberto da Silva Pereira, María del Carmen Franco Vázquez (titora)

PD: Educación

Data: 24/01/2022 - Virtual

Cerámica medieval galega: características, uso e evolución da produción

FRANCISCO ALONSO TOUCIDO

Director/es: María Pilar Prieto Martínez

PD: Historia, Xeografía e Historia da Arte

Data: 27/01/2022 - Presencial

¿Es la instrumentación rotatoria segura? Análisis de microcracks dentinarios mediante micro-CT

RAMÓN MIGUÉNS VILA

Director/es: Pablo Castelo Baz, Benjamín José Martín Biedma

PD: Ciencias Odontolóxicas

Data: 27/01/2022 - Presencial

Resumo:

Esta investigación procurou analizar a influencia das políticas públicas educacionais sobre a infraestrutura escolar e o status do componente curricular Educación Física. A investigación caracteriza-se como un estudo de método misto, non obstante referimos a predominancia da pesquisa cualitativa no formato de estudo de casos múltiples. Os resultados apuntan para a ausencia de políticas públicas educacionais na infraestrutura desportiva escolar de instalacións e materiais, un contexto educacional de precarización das escolas e de ineficiencia pública que contribuí para a perda de status da Educación Física nos currículos escolares.

Resumo:

A tese afonda no mundo da cerámica galega, trátase da primeira aproximación a esta temática en formato tese en Galicia. A través da revisión das coleccións cerámicas de varios xacementos conséguese unha visión global da evolución da cerámica durante toda a Idade Media galega. Partindo do concepto de cadea técnico operativa lógrase comprender aspectos fundamentais da sociedade medieval, como é a súa economía e produción. Realízase unha caracterización tipolóxica en todos os séculos estudados, arroxando luz sobre os séculos iniciais da Idade Media, un momento pouco traballado dende perspectiva cerámica en Galicia. A investigación complementase con datacións absolutas e analíticas arqueométricas.

Resumo:

O obxectivo desta tese foi avaliar a influencia de varios sistemas de instrumentación rotatoria e recíproca na xeración de microcracks dentinarios tras a preparación dos conductos en raíces rectas e en raíces curvas empregando un método de análise non invasivo e analizando en relación aos métodos máis utilizados na literatura. Coas limitacións deste traballo, pódese concluir que non poden ser utilizados métodos destrutivos para a análise de defectos na dentina, e que os procedementos de instrumentación non xeran novos microcracks dentinarios.

 [Ir ao sumario](#)

Teses defendidas en xaneiro

The transition of food consumption towards sustainable patterns based on environmental, economic and nutritional aspects

XAVIER ESTEVE LLORENS

Director/es: Gumersindo Feijoo Costa, Sara González García

PD: Enxeñaría Química e Ambiental

Data: 27/01/2022 - Semipresencial

New synthetic routes towards 1,4-dienylboronates via catalytic alkyne allylboration reactions

EVA RIVERA CHAO

Director/es: Martín Fañanas Mastral

PD: Ciencia e Tecnoloxía Química

Data: 27/01/2022 - Semipresencial

Claves en instrumentación rotatoria. Relación entre la experiencia del operador y el movimiento

ANA BELÉN DABLANCA BLANCO

Director/es: Pablo Castelo Baz, Benjamín José Martín Biedma

PD: Ciencias Odontolóxicas

Data: 27/01/2022 - Presencial

 [Ir ao sumario](#)

Resumo:

A adhesión ás dietas tradicionais, baseadas principalmente no consumo de produtos de orixe vexetal e o consumo limitado de produtos de orixe animal e ultra-procesados, considérase como a pedra angular para acadar este obxectivo. Así, esta tese ten como principal finalidade analizar diferentes patróns de consumo de alimentos desde o punto de vista ambiental, nutricional e socioeconómico, e propoñer as medidas axeitadas para lograr patróns dietéticos máis sostibles. Ademais, o proceso de produción de alimentos tamén se analiza en profundidade mediante a análise do ciclo de vida de produtos agro-alimentarios relevantes.

Resumo:

In this Ph.D. thesis, the synthesis of 1,4-dienyl boronates is explored using transition metal-catalyzed methodologies. In chapter I an introduction about the most important features of organoboron compounds and the most common methods to synthesize them is reported. Chapter II describes the synthesis of linear borylated 1,4-dienes through a synergistic Cu/Pd catalyzed stereo- and regioselective allylboration of alkynes. In chapter III, we explore the synthesis of multifunctional branched borylated 1,4-dienes by means of a copper-catalyzed stereo- and regioselective allylboration of alkynes. Then, we report the use of these 1,4-dienes for the synthesis of a new type of organoboron compounds, borylated dendralenes. In chapter IV, an enantioselective version of the allylboration of alkynes reported in chapter III with a chiral copper catalyst is disclosed. Finally, chapter V details the discovery of a novel transformation that entails a la carte multifunctionalization of borylated dendralenes to access to highly substituted 1,3-dienes.

Resumo:

El objetivo de este trabajo es ayudar a los profesionales a seleccionar el tipo de rotación adecuada para hacer un tratamiento endodóntico, de acuerdo con su nivel de experiencia. Tanto en la fase de glide path como en la preparación completa del conducto, tanto en términos de fractura del instrumento como para el tiempo de preparación. Se instrumentaron un total de 160 conductos curvos. El tiempo de preparación y el número de instrumentos fracturados se registraron y compararon estadísticamente. En todos los casos rompieron menos instrumentos de rotación alterna y fracturaron menos limas los expertos. Por lo tanto, la experiencia del operador es un factor clave, y en el caso de ser un operador inexperto conviene decantarse por los movimientos alternantes.

**«Para o investigador non existe alegría
comparable á dun descubrimento,
por pequeno que sexa...»**

Sir Alexander Fleming

nEDIUS

Editada por Escola de Doutoramento
Internacional da USC (EDIUS),
Santiago de Compostela

Coordinación:
Miguel Tüñez

Revisión lingüística:
Gisella Costas López
*PD Estudos da Literatura
e da Cultura*

Copy:
Clara Castilla

Deseño:
Nudo

Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS)

881814360 / 14361
edius@usc.es

Casa dos Catedráticos. Av. das Ciencias, 6
15782 Santiago de Compostela

Depósito Legal: C 1550-2020
ISSN 2792-6079



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

*Actividade financiada polo Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura,
Educación e a USC para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i.*